

**IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS****SERVIZO GALEGO DE SAÚDE**

*RESOLUCIÓN do 10 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se aproba a relación de prazas que se ofertan e se convocan para o acto de elección de destino os/as aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica.*

A base novena da Resolución do 3 de maio de 2019 (*Diario Oficial de Galicia* nº 92, do 15 de maio) pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso, entre outras, na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica do Servizo Galego de Saúde dispón que, comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección Xeral de Recursos Humanos publicará, no *Diario Oficial de Galicia*, a relación definitiva de aspirantes seleccionados/as, as prazas que se lles ofertan e o procedemento e prazo para que estes manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

En virtude do exposto, comprobada a documentación dos/das aspirantes e finalizado o prazo de impugnación contra a Resolución do 16 de febreiro de 2021 pola que se fan públicos os acordos do tribunal relativos á baremación definitiva da fase de concurso, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

**RESOLVE:**

Primeiro. Publicar, como anexo I, a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para o ingreso na categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica do Servizo Galego de Saúde, convocado mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 3 de maio de 2019.

Segundo. Aprobar a relación de prazas que se ofertan aos/ás aspirantes seleccionados/as no proceso, e que figura como anexo II desta resolución.

As prazas que se ofertan corresponden sempre a prazas básicas da correspondente categoría, de conformidade co establecido no artigo 17 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo.

Terceiro. Convocar os/as aspirantes seleccionados/as que se indican no anexo I desta resolución para que, en único chamamento e acto e pola orde que nel se establece, en aplicación das bases da convocatoria, elixan destino definitivo.



O acto de elección de destino terá lugar o día 27 de maio de 2021, ás 16.30 horas, no salón de actos da Consellería de Sanidade, no Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela.

O acto de elección desenvolverase consonte o seguinte procedemento:

a) As persoas aspirantes deberán comparecer provistas de documento nacional de identidade ou doutro documento que acredite de modo fidedigno a súa identidade.

b) A solicitude que formulen as persoas aspirantes será vinculante e irrenunciable.

c) Os/as aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados/as por terceiras persoas provistas de poder suficiente.

d) O/a aspirante seleccionado/a que non compareza e/ou non opte por un destino, na data e de acordo co procedemento establecido, non poderá ser nomeado/a, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. En todo caso, non se terán en conta causas de forza maior ou calquera outra causa para emendar a non elección de destino.

e) Dado o contexto sanitario actual, será obrigatorio o uso de máscara cirúrxica ou FFP2 sen válvula. Ademais, só estará permitido o acceso ao lugar de realización do acto das persoas aspirantes convocadas, agás causa médica, previamente e debidamente xustificada, que requira da asistencia de acompañante.

Cuarto. As persoas aspirantes seleccionadas neste proceso que, tendo participado ademais no concurso específico para o acceso a esta mesma categoría, convocado mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 4 de xuño de 2020 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 113, do 11 de xuño), resulten adxudicatarias de praza neste último, terán, no acto de elección de destino, dúas opcións:

– Opción A:

Optar por un dos destinos que se ofertan no concurso-oposición para o acceso á categoría. De exercer esta opción, a persoa aspirante decaerá en todos os dereitos derivados da súa participación no concurso específico convocado mediante a Resolución do 4 de xuño de 2020 e resultará adxudicataria do destino seleccionado no concurso-oposición.

– Opción B:

Renunciar á elección de destino no concurso-oposición para o acceso á categoría. De exercer esta opción, a persoa aspirante decaerá en todos os dereitos derivados da súa



participación no concurso-oposición convocado mediante a Resolución do 3 de maio de 2019 e resultará adxudicatario do destino obtido no concurso específico.

Producirase este mesmo efecto no suposto de non comparecer a persoa aspirante ao acto de elección de destino.

Quinto. De conformidade co disposto na base 9.8 da Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, do 3 de maio de 2019, de convocatoria do concurso-oposición, se, como consecuencia deste exercicio de opción e/ou calquera outro motivo, no acto de elección de destino resultan prazas sen adxudicar, a autoridade convocante procederá ao chamamento de novos/as aspirantes, no número que se corresponda coas prazas ofertadas e non elixidas, coa finalidade de que manifesten a súa opción por elas, logo da acreditación do cumprimento dos requisitos exixidos. Esta opción realizarase pola orde de prelación que resulte da lista definitiva.

Neste suposto, a convocatoria dos/das novos/as aspirantes efectuarase o día seguinte ao da realización do acto de elección de destino, a través da páxina web do Servizo Galego de Saúde: [www.sergas.es/sección de emprego público](http://www.sergas.es/sección%20de%20emprego%20público). Nela informarase dos destinos pendentes de adxudicación, relación de novo/s aspirante/s convocado/s, a data, a hora e o lugar para a realización da selección de destino/s pendente/s.

Sexto. Se, como consecuencia do exercicio de opción previsto no punto cuarto, resultan prazas sen adxudicar no concurso específico para o acceso á categoría de enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica, convocado mediante a Resolución do 4 de xuño de 2020, as prazas ofertadas neste proceso e non cubertas ofertaráselles aos/ás seguintes aspirantes pola orde de prelación que resulte.

Sétimo. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente, na xurisdición contencioso-administrativa, nos termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2021

Ana María Comesaña Álvarez  
Directora xeral de Recursos Humanos



**ANEXO I**  
**Relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as**

**Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica**

Nº	DNI	Apelidos e nome	Quenda	Nota OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	***1936**	MAYO GONZALEZ, MARTA	LI	53,750	14,000	6,500	0,000	74,250
2	***5141**	SOLLA MARTINEZ, MARTA	LI	52,000	14,000	6,250	0,000	72,250
3	***0054**	PAZOS SEOANE, LAURA	LI	51,500	14,000	5,650	0,550	71,700
4	***7975**	RIO BARRERA, ADELA	LI	43,000	14,000	14,340	0,283	71,623
5	***7429**	CANAS RONDON, MARCOS	LI	47,250	8,560	15,200	0,000	71,010
6	***9746**	SANMARTIN CHAPELA, CRISTINA	LI	51,875	14,000	4,750	0,000	70,625
7	***6315**	OTERO VIDAL, ARANZAZU	LI	51,250	14,000	3,340	0,000	68,590
8	***8739**	SANTOS MIRANDA, EVA	LI	50,000	14,000	3,550	0,200	67,750
9	***9485**	CEJUELA MATEOS, MARIA NIEVES	LI	46,875	6,820	14,000	0,000	67,695
1	***4320**	GARCIA JACOME, FE	PI	49,375	14,000	17,700	0,526	81,601
2	***1983**	LOPEZ COVELA, MARIA FE	PI	50,750	13,910	16,000	0,109	80,769
3	***7771**	AGRA TUÑAS, MARIA DO CARME	PI	45,500	14,000	18,550	2,150	80,200
4	***0665**	VILASECO ILLODO, CARMEN MARIA	PI	47,500	12,850	16,950	0,800	78,100
5	***6683**	CARBALLO CADAHIA, CRISTINA	PI	50,500	13,000	13,850	0,059	77,409
6	***9782**	REI SERRA, MARIA TERESA	PI	43,125	14,000	17,750	1,205	76,080
7	***5254**	SANCHEZ SUAREZ, YOLANDA	PI	48,500	14,000	12,200	0,400	75,100
8	***9157**	FERNANDEZ TUÑAS, MARIA DEL CARMEN	PI	42,875	14,000	16,150	2,050	75,075
9	***0573**	JACOME FEIJOO, RITA	PI	49,000	6,670	18,600	0,700	74,970

**ANEXO II**  
**Destinos que se ofertan**

Centro directivo	Centro/s	Quenda	Concello	Núm. prazas
A.S. da Coruña e Cee	O Castrillón	Mañá	Coruña, A	1
A.S. de Ferrol	Pontedeume-Cabanas-Monfero	Mañá	Pontedeume, Cabanas, Monfero	1
A.S. de Ferrol	Fontenla Maristany-Manuel Comellas	Mañá	Ferrol	1
A.S. de Ferrol	Fontenla Maristany-Caranza	Tarde	Ferrol	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	As Fontiñas	Mañá	Santiago de Compostela	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Vedra-Boqueixón	Mañá	Vedra, Boqueixón	1
A.S. de Santiago de Compostela e Barbanza	Touro-O Pino	Mañá	Touro, Pino, O	1
A.S. de Pontevedra e O Salnés	Vilagarcía de Arousa	Mañá	Vilagarcía de Arousa	1



Centro directivo	Centro/s	Quenda	Concello	Núm. prazas
A.S. de Pontevedra e O Salnés	Virxe Peregrina	Tarde	Pontevedra	1
A.S. de Pontevedra e O Salnés	A Parda	Desprazable	Pontevedra	1
A.S. de Vigo	Tui	Mañá	Tui	1
A.S. de Vigo	Teis	Mañá	Vigo	1
A.S. de Vigo	Casco Vello	Desprazable	Vigo	1
A.S. de Vigo	Rúa Cuba	Desprazable	Vigo	1
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	Illas Canarias	Mañá	Lugo	1
A.S. de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos	A Milagrosa	Mañá	Lugo	1
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	A Cuña	Mañá	Ourense	1
A.S. de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras	O Carballiño	Mañá	Carballiño, O	1

